BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Deputación Pontevedra

Luns, 16 de novembro de 2026
Núm. 221

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEIS

Persoal, oposicións

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA CUBRIR CON CARÁCTER TEMPORAL UNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL NA CATEGORÍA DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, ADSCRITA Á AREA OBRAS E SERVIZOS, ENCADRADA NO GRUPO IV/V

ANUNCIO

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA CUBRIR CON CARÁCTER TEMPORAL UNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL NA CATEGORÍA DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, ADSCRITA Á AREA OBRAS E SERVIZOS, ENCADRADA NO GRUPO IV/V DO CONCELLO DE MEIS, E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE AGARDA

Na Resolución de Alcaldía 2026-0770, do 11/11/2026, aprobáronse as bases reguladoras do procedemento de selección, mediante o sistema de concurso-oposición e acceso libre, para a provisión dunha praza de operario de servizos múltiples con contrato laboral de substitución por vacante por inminente xubilación do seu titular ata a cobertura definitiva, a tempo completo, conforme ao previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e na Disposición Adicional Cuarta do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e a constitución dunha lista de agarda.

O prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo será de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras publicaranse no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (https://meis.sedelectronica.gal).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando cumpra de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nas propias bases da convocatoria.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Meis, na data da sinatura electrónica. A Alcaldesa – Asdo. Marta Giráldez Barral.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:46WBMEDTL5ZBZTHR